

INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS (iLTIUS)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CHAMADA Á PRESENTACIÓN DE EXPRESIÓN DE INTERESE PARA A VINCULACIÓN DE NOVO PERSOAL INVESTIGADOR

(PERÍODO 2025-2029)

O Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é un centro de investigación nos eidos da lingüística e da literatura. O persoal científico do Instituto está integrado por persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela cuxa investigación se desenvolva no ámbito da lingüística, literatura, ou disciplinas afíns e en liñas de traballo interdisciplinarias coherentes coa Axenda Científica do Instituto.

Este proceso de vinculación, de catro anos de duración, está dirixido a:

- Persoal docente e investigador (PDI) con relación estable e actividade investigadora coa USC (catedrático/a e titular de universidade, profesorado permanente laboral, profesorado axudante doutor, profesorado distinguido e profesorado emérito). No caso de profesorado axudante doutor, profesorado distinguido e profesorado emérito, a súa vinculación virá establecida pola vixencia da súa relación contractual coa entidade.
- Persoal investigador doutras institucións adscrito á USC mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co Instituto (por exemplo, Programa Oportunius con GAIN, persoal investigador adscrito CSIC).
- Persoal investigador posdoutoral de convocatorias de RRHH competitivas que posúa un compromiso de estabilización coa USC (por exemplo, Contratos Ramón y Cajal). O seu período de vinculación virá establecido pola vixencia da súa relación contractual coa entidade.

Unha vez rematado o proceso de vinculación do persoal estable con actividade investigadora, abrírase unha segunda fase na que se incluírá no censo o persoal non permanente (doctores e non doctores), o persoal en formación (con contrato) e o persoal técnico, que en todos os casos formarán parte do iLTIUS directamente, se o seu IP está vencellado ao Instituto.

O proceso de vinculación ao iLTIUS da Universidade de Santiago de Compostela recóllese no Artigo 6 do [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias \(2024\)](#), ten carácter individual, e será avaliado pola Comisión Asesora Externa do Instituto, encargada de emitir un informe favorable sobre o interese da vinculación da persoa solicitante, e será ratificado pola Xunta de Goberno do iLTIUS.

O persoal admitido como persoal investigador vinculado do iLTIUS pola Xunta de Goberno deberá asinar un compromiso de vinculación co instituto, no que se comprometerá a permanecer no mesmo durante un período de 4 anos, e a cumprir co establecido no seu Regulamento de Réxime Interno.

Envío de expresións de interese

Poderán enviar a súa expresión de interese o persoal investigador da USC que cumpra as condicións detalladas anteriormente, e que conte cun historial investigador (participación en proxectos de investigación, publicacións, actividades de transferencia) compatible coa axenda científica do instituto, e disposto a comprometerse co desenvolvemento tanto da estratexia científica como da estratexia institucional do iLTIUS.

Non se admitirán solicitudes de persoal investigador con compromiso de vinculación vixente con outro centro/instituto de investigación, con permanencia actual superior a un ano.

O prazo para achegar as expresións de interese será de 15 días hábiles desde a publicación da presente convocatoria nas listas de difusión da I+D da USC.

As expresións de interese deben ser enviadas ao seguinte correo electrónico: iltius.direccion@usc.es

María José Alonso Veloso

Directora Comisaria do iLTIUS

Retos e eixos estratéxicos da Axenda Científica

A axenda científica do iLTIUS ten natureza plurilingüe, pois aborda un amplo conxunto de linguas e literaturas indoeuropeas antigas (latín, grego) e modernas (alemán, español, francés, galego, inglés, portugués), e pluridisciplinar, pois nítrese dos avances rexistrados en ámbitos de investigación como a lingüística teórica e aplicada, os estudos literarios nas súas distintas vertentes, os estudos de xénero, a análise computacional e estatística, a antropoloxía, a filosofía ou a psicolingüística. Estrutúrase arredor de cinco retos complementarios e transversais.

Reto 1.- Linguaxe e cognición. As investigacións deste reto profundan no pasado, abordan as relacións entre lingua e pensamento, ou analizan as estratexias comunicativas de construción de identidades e das variedades estándar das linguas. A complexidade da linguaxe e das súas manifestacións esixe un enfoque que abrangue un amplo abano de subdisciplinas que van desde a teoría gramatical, tanto cognitivo-funcional como formalista, á sociolingüística, a análise do discurso, a psicolingüística, a antropoloxía e filosofía, a lingüística computacional, ou os avances actuais no campo da intelixencia artificial.

Eixo 1.1. Variación lingüística e diacronía

Eixo 1.2. Linguas, identidades e ideoloxías

Reto 2.- Competencia lingüística e comunicativa. Céntrase na adquisición e aprendizaxe de primeiras e segundas linguas, e no deseño de aplicacións e recursos tecnolóxicos para o ensino e a avaliación de competencias, incluídos corpus textuais anotados de falantes nativos e non nativos. Ademais, a globalización e a intensificación dos movementos migratorios configuran contextos de convivencia multilingües que requiren investigacións dirixidas a promover actividades de mediación interlingüística e intercultural, especialmente no ámbito público e institucional.

Eixo 2.1. Procesamento, adquisición e ensinanza de linguas

Eixo 2.2. Mediación lingüística e tradución

Reto 3.- Patrimonio literario: tradición e innovación. Propón o estudo dos textos literarios tanto na súa dimensión intrínseca, é dicir, no seu aspecto estritamente textual, como extrínseca, atendendo ás relacións das obras coa contorna sociocultural na que foron compostas, transmitidas e recibidas. Aspírase a achegar as tradicións literarias europeas e iberoamericanas á sociedade ao longo do seu percorrido histórico, con especial énfase nas épocas colonial e poscolonial, e nas consideracións históricas e socio-políticas que subxacen na literatura migratoria.

Eixo 3.1. Edición de textos

Eixo 3.2. Historia literaria, canon e recepción

Eixo 3.3. Literatura e sistemas culturais

Reto 4.- Xénero e diversidade. Atende á reconstrución do papel fundacional da muller na construción do legado cultural europeo e internacional, con especial atención ao legado das Idades Antiga e Medieval e á produción das escritoras das Idades Moderna e Contemporánea, destacando de forma singular a creación das escritoras galegas e a literatura plurilingüe que xorde dos fenómenos migratorios actuais no seu contexto internacional. Este reto busca ademais examinar, con metodoloxías procedentes da sociolingüística, a pragmática e a análise do discurso, os estereotipos de xénero e contribuír á súa transformación, así como á concienciación dos axentes sociais implicados nos distintos niveis educativos.

Eixo 4.1. Xéneros, mulleres e homes

Eixo 4.2. Estereotipos de xénero e concienciación lingüística

Reto 5.- Tecnoloxías vinculadas á dixitalización. Este reto de carácter transversal faise eco da revolución tecnolóxica que permitiu aos/as investigadores/as nos ámbitos das Ciencias Sociais e Humanidades dispor de sistemas de almacenamento de gran cantidade de datos, garantindo que os resultados da investigación sexan accesibles e poidan ser consultados libremente, así como dispoñibles para a súa descarga e reutilización por parte dos/as usuarios/as.

Eixo 5.1. Lingüística de corpus

Eixo 5.2. Literatura e tecnoloxías dixitais

ANEXO I Nova vinculación de persoal investigador

NOME E APELIDOS:

AFILIACIÓN (Departamento e Facultade):

POSTO ACTUAL:

ORCID / SCOPUS / WoS ID (indicar cal, ao menos un):

1. HISTORIAL CIENTÍFICO (resumo da actividade investigadora, coas achegas científico-técnicas máis relevantes e os principais resultados; máx. 700 palabras). Deben indicarse, entre outros aspectos, os seguintes:

- Número de sexenios de investigación e transferencia, e períodos aos que corresponden. No caso de ser persoal investigador que aínda non acadou un sexenio de investigación, indicar se ten publicacións (artigos, libros ou capítulos de libro) indexadas en revistas/editoriais de recoñecido prestixio e referenciar un máximo de cinco.
- Teses dirixidas ou en curso de dirección nos últimos 10 anos (2015-2024).
- Proxectos de investigación dirixidos ou nos que se teña participado durante os últimos 10 anos (2015-2024).
- Actividades de transferencia do coñecemento que se dirixiron, ou nas que se teña participado, nos últimos 10 anos (2015-2024).
- Outros méritos (premios e mencións, estadías de investigación, outros méritos relevantes, etc.).

2. ALIÑAMENTO COA AXENDA CIENTÍFICA DO ILTIUS: breve descrición de como a súa investigación ten encaixe na Axenda Científica do Instituto e como axudaría a desenvolvela no período 2025-2029 (máximo: 200 palabras).

3. ACOMPAÑAR CURRÍCULUM VÍTAE ABREVIADO (formato pdf; o formato CVA da AEI é axeitado). Máximo 4 páxinas e con méritos dos últimos 10 anos (2015-2024).

Cláusula de protección de datos

A cumprimentación e entrega do formulario implica o consentimento para o tratamento dos datos conforme á seguinte cláusula:

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento “Investigación”, cuxa finalidade é a xestión da actividade de investigación na Universidade, así como a xestión automatizada dos currículos profesionais dos investigadores.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio social na Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.gal

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas. Os datos achegados serán postos a disposición dunha comisión asesora externa formada por investigadores alleos á USC. Agás nos supostos nos que a normativa o contemple, os datos non serán cedidos nin transferidos para outros fins.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Se non se proporcionan os datos requiridos e as autorizacións para o seu tratamento, a solicitude non poderá ser tramitada.